



Alarma! Piollos!



Avisa os amigos, a familia e no colexio


Actúa con responsabilidade.

Avisar canto antes é a mellor maneira de deter unha posible epidemia.



Leva a cabo un tratamento específico para eliminar os piollos

Elixte un bo produto para combater os piollos, le a información do prospecto e segue de maneira rigorosa as instrucións do tratamento indicadas.



Comproba os resultados cun peite para lendias

Despois de completar o tratamento, é necesario comprobar que foi todo un éxito. A mellor maneira de facelo é utilizar un peite para lendias de dentes finos para eliminar os piollos e as lendias mortas.



Lava a roupa polo menos a 60 °C

A 60 °C, os piollos e as lendias morren. A roupa e os xoguetes desinfectanse lavando todo a esa temperatura.




Garda o resto dos obxectos nunha bolsa de plástico

Todos os obxectos que estivesen en contacto co pelo e que non se poidan lavar a 60 °C, deberanse gardar nunha bolsa de plástico durante polo menos 15 días. Os piollos non poden sobrevivir tanto tempo sen comer!



Repite o tratamento ao cabo de 7 días

Para garantir que non queda ningún ovo tras o primeiro tratamento, é mellor repetilo ao cabo de 7 días, despois de completado o ciclo vital de calquera posible ovo restante e de que se produza a eclosión dos ovos superviventes e o nacemento de novos piollos.



Comproba os resultados

É necesario comprobar se quedan piollos mortos utilizando un peite para lendias de dentes finos. A pediculose desaparecerá de todo tras o segundo tratamento. Case todas as pragas desaparecen cunha soa aplicación dun produto específico, a non ser que a persoa se expoña de novo aos parasitos durante o tratamento.

